

TÒNI ESCALA

Morte en Arán

Traducido por Xabier Ron Fernández



Vólvense os paxaros contra as escopetas

I

UN DÍA MOI FEO PARA MORRER

Barranco falaba tranquilo con Carlos na súa oficina cando escoitou a Gómez, que o interpelaba pola radio. O despacho era amplo, con grandes fiestras que deixaban pasar o sol, cando lucía, até a metade da peza. Mentres ollaba pola fiestra, Carlos lembraba como eran aquelas instalacións ao comezo, nos tempos nos que esquiar era toda unha aventura, había xa un bo feixe de anos: catro cabanas mal dispostas, de tal forma que para pasar dunha a outra era preciso saír e camiñar pola neve! E tiñas sorte se durante o traxecto non che caía unha boa! Pensou no rápido que cambian as cousas.

Ía un día feo, cuberto e escuro. A gran fiestra, pensada para deixar entrar a luz, non valía para nada en días así, se cadra só para provocar tristura. Xa era mediodía, e Barranco pensara en xantar con Carlos e romper un chisco a dinámica dunha xornada que se presumía dura. Barranco ollou de novo para a radio ao escoitala soar, mais non lle tiña sentido deixar a conversa a medias. Non é que falasen de nada transcendental, só se entretiñan. Comentarán o das novas instalacións e os investimentos realizados. Os temas económicos sempre

lle interesaran, quizais máis ca os deportivos. Como Gómez, o da radio, insistía, non lle quedou máis remedio que coller o aparello e responder:

—Que foi, Gómez? Escóitote!

—Houbo un accidente en Escòrnacrabes. Hai alguén malferido, temos que ir ver que aconteceu. Precisaremos axuda para subilo, está nun lugar complicado. Non sei que demos van buscar a esas paraxes inhóspitas.

—Daredes chegado?

—Xa estamos preto, pero non se move! Sufriu unha caída brutal. Que sei eu! Véxoo dende arriba, dende a propia pista.

—Vou chamar os bombeiros... Corto.

Barranco pousou o aparello e achegouse á mesa para chamar por teléfono. Como Carlos agardaba, díxolle:

—Síntoo, perdoa, houbo un accidente e teño que facer algunhas chamadas —Carlos fixo ademán de marchar—. Non, non é preciso que marches. Só será un intre.

Barranco marca un número que coñece de memoria, explica o sucedido e pregunta se poden vir axudar. Repite a mesma operación cos *mossos d'esquadra*. É o único que pode facer polo momento. Contaba con seguir a conversa con Carlos namentres espera que Gómez chame outra volta. Carlos repara na preocupación de Barranco e en que non está para moita charla.

—Estás preocupado polo accidente?

—Estou, si. Aínda non deron chegado ao lugar onde caeu, debeu saír da pista. O que me estraña é que Gómez dixo que non se movía. Procurarán chegar onda el como sexa, pero rescatalo será moi trabaloso. Fixeches

